

PLAN DE IGUALDADE



CEIP A ESCARDIA

Contido

1. INTRODUCCIÓN	2
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	4
3. OBXECTIVOS	11
3.1. En relación á Comunidade educativa:	11
3.2. En relación ao alumnado:.....	12
3.3. En relación ás familias:	13
4. CONTIDOS A DESENVOLVER A PARTIR DOS OBXECTIVOS.....	14
5. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN	16
Liña 1: Modelo da escola coeducativa	16
Liña 2: Desenvolvemento curricular non sexista	18
Liña 3: Orientación con enfoque de xénero.....	19
Liña 4: Modelo de convivencia igualitaria	20
6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	24

1. INTRODUCCIÓN

Coeducar ou educar en igualdade supón un modelo educativo que se fundamenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantíndose o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa. A través deste modelo prodúcese o recoñecemento das diferenzas que existen entre mulleres e homes e impídese que estas se constitúan na orixe dunhas relacións desiguais e de dominación dun sexo con respecto ao outro. Trátase de educar nunha cultura na que mulleres e homes estean libres das ataduras e influencias que impoñen os mandatos de xénero e que incapacitan ás persoas para o desenvolvemento das súas capacidades en liberdade.

A día de hoxe, o ordenamento xurídico español proclama a igualdade de dereitos entre mulleres e homes no ámbito educativo, desenvolvendo para iso instrumentos que teñen como obxectivo a eliminación dos elementos discriminatorios presentes na sociedade e supeditando a actuación dos poderes públicos ao respecto deste dereito.

Con todo, no contexto específico da vida escolar, unha visita con perspectiva de xénero ás aulas en horario lectivo deixa patente a aínda pervivencia de estereotipos e roles sexistas.

Cando no centro educativo, durante o recreo, a pista deportiva é ocupada por nenos e as nenas posiciónanse no espazo periférico, cando uns xogan ao fútbol e outras charlan ou pasean, cando se pon en cuestión a orientación sexual dun mozo que cursa un ciclo formativo de barbería ou unha moza pensa que os celos da súa parella son a mostra do amor incondicional que este sente por ela...todas elas son manifestacións claras da vixencia que roles e estereotipos sexistas seguen tendo hoxe en día.

Os centros escolares son os lugares onde ten lugar a educación formal e ensínanse e aprenden as competencias clave establecidas pola lexislación educativa. Pero tamén, os centros educativos son un dos principais lugares de socialización. Mediante a relación coas e os demais, se aprenden a cultura, os

valores, os costumes e tradicións dunha sociedade. Os roles e estereotipos de xénero pasan a formar parte do imaxinario colectivo como unha tradición ou un feito socialmente admitido, como parte da cultura e somos socializadas e socializados neles. A escola coeducativa é un modelo de escola que rompe coa transmisión do imaxinario sexista. Significa educar na igualdade de xénero, de maneira que tanto homes como mulleres sexan alleos aos prexuízos e mandatos de xénero.

O cambio de modelo educativo non é tarefa fácil despois de que o modelo actual está fortemente arraigado socialmente aínda que cada vez son máis as voces que avogan pola coeducación como outra forma de educar á sociedade do futuro. En moitas ocasións, unha vez que se decide actuar xorde unha inquietude, pois o tema é tan amplo e abarca tantos aspectos que nos preguntamos...por onde empezar?

A coeducación preséntase pois como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer

deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar un plan específico de Igualdade no ámbito educativo que nos sirva de referente co fin de abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recollan de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas a alumnado, profesorado e equipos de orientación.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

O desexo de construción dunha sociedade igualitaria por razón de xénero non nace só da vontade das autoridades públicas, senón que ademais ten un marco normativo, tanto estatal como autonómico, no que se ampara. Máis alá do principio lexislativo de transversalidade, que obriga a que o obxectivo da igualdade de xénero estea presente en todas as políticas públicas e na acción administrativa, no caso concreto da educación, o lexislador asume a súa importancia estratéxica para a consecución da igualdade.

A **Constitución española** de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que *“é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva”* e, de xeito moi similar, o noso **Estatuto de autonomía** atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e

especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal.

UNIÓN EUROPEA

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a *Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015* considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

ÁMBITO ESTATAL

No ámbito estatal o **preámbulo da Lei orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

ÁMBITO AUTONÓMICO

No **ámbito autonómico** son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Así, o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade.

Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

- a. A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
 - b. O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
 - c. A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.
 - d. O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizados.
 - e. A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.
2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas".

Tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos.

Do mesmo xeito, a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero, cuxa efectividade acada especial importancia en momentos, nos que este problema, de primeira magnitude en todo o Estado, segue presente e incluso con lamentables incrementos, para o cal tamén se debe considerar, tendo en conta que estamos referíndonos ao ámbito educativo, a persistencia de patróns de comportamento de dominación do home sobre a muller nas xeracións máis novas, tal como indican os últimos estudos oficiais, crebando tendencias que se cría que estaban en diminución.

Con respecto á integración da diversidade sexual débese ter en conta o establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en

Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:

Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos

A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei.

Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

Artigo 23. Actitudes

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Artigo 24. Formación do persoal docente

Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporárase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito.

Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA

A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade

1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais".

Por outra parte o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos "prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual". Así mesmo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato inclúe entre os seus elementos transversais evitar "os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual".

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a **integración do principio de igualdade entre mulleres e homes**, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e contera actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así pois, entre os **principios informadores e fins das normas de convivencia** recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto,

velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, será tamén un **principio que deberá rexer a composición da comisión de convivencia**, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

Entre os **obxectivos xerais do plan de convivencia** sinálase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no **fomento da igualdade entre homes e mulleres**. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da **violencia de xénero** e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas. Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as **actuacións formativas**, nos **programas** relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas **medidas complementarias** para a mellora da convivencia e nas **medidas correctoras** das condutas gravemente prexudiciais.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos que tentamos conseguir coa elaboración deste proxecto teñen como finalidade crear no marco educativo as condicións necesarias que permitan seguir avanzando na construción dunha sociedade máis igualitaria desde a convivencia, a cooperación e o respecto mutuo, e así, poder educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo e previr as súas consecuencias, entre as que se atopa a violencia cara ás mulleres.

Os obxectivos propostos van desenvolverse en diferentes ámbitos de actuación:

3.1. *En relación á Comunidade educativa:*

- Integrar no currículo a educación en emocións, como parte fundamental no desenvolvemento socioemocional do alumnado. Promocionar así a alfabetización emocional en valores como a empatía, a autoestima, a ética do coidado, a non violencia...
- Promover actuacións de sensibilización e prevención da violencia de xénero para contribuír á súa erradicación, asegurando unha intervención axeitada ante posibles casos de violencia de xénero no ámbito educativo.
- Establecer unha organización escolar e un currículo sen sesgos de xénero.
- Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa en materia de igualdade de xénero, coeducación e prevención da violencia de xénero.
- Fomentar a integración da perspectiva de xénero no funcionamento do centro, así como a formación do profesorado, respectando os dereitos e liberdades, o exercicio da tolerancia e a prevención e resolución pacífica de conflitos .
- Desenvolver as actividades de centro e aula contemplando a perspectiva de xénero e evitando calquera tipo de discriminación.
- Fomentar o diálogo, a comunicación e o respecto como elementos básicos para a convivencia.

- Revisar os documentos oficiais do centro para modificar todos aqueles aspectos que conteñan unha linguaxe sexista ou algún tipo de discriminación por razón de xénero.
- Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.
- Crear materiais didácticos nas aulas e adicar tempos a tratar temas relacionados coa igualdade de xénero.
- Realizar unha listaxe de bibliografía e sitios web de interese no ámbito da igualdade de xénero.
- Prestar especial atención a tratos discriminatorios dentro e fóra da escola.
- Promover condicións escolares que favorezan prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación e dependencia, xerando un modelo de ensino-aprendizaxe no que os valores e capacidades humanas desenvólvanse independente do sexo.
- Ofrecer aos nenos e nenas modelos de actuación diversos e non estereotipados.
- O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

3.2. ***En relación ao alumnado:***

- Desenvolver actitudes de igualdade na contorna próxima e modificar aquelas que reflectan comportamentos sexistas.
- Recoñecer e analizar a imaxe da muller na actualidade.
- Analizar a súa linguaxe habitual co obxectivo de suprimir expresións e insultos de carácter sexista e ensinalles a utilizar recursos e alternativas non sexistas no uso da linguaxe.
- Adquirir e asumir por parte do alumnado valores baseados en criterios de igualdade, que se manifesten en comportamentos, hábitos, actitudes e valores non sexistas.

- Fomentar un maior coñecemento das diferenzas entre nenas e nenos, mulleres e homes, que permita evitar e corrixir as discriminacións que daquelas se derivan.
- Favorecer o cambio das relacións de xénero formando ao alumnado na autonomía persoal.
- Educar na corresponsabilidade no ámbito doméstico fomentando a colaboración nas responsabilidades domésticas no ámbito familiar dos alumnos e alumnas.
- Favorecer relacións de amizade, aceptación e cooperación, así como, establecer relación saudables entre o alumnado.
- Valorar os xogos e xoguetes que desenvolvan actitudes e comportamentos de cooperación, amizade, respecto ás diferenzas, relacións de igualdade, etc. E suprimir das aulas aqueles que teñan contido sexista.
- Desenvolver no alumnado un autoconcepto positivo no ámbito das relacións interpersoais e cotiás.
- Reflexionar co alumnado sobre actitudes violentas contra as mulleres e aprender modos de comportamento pacíficos, tolerantes e de respecto mutuo.
- Substituír aqueles xogos nos que se incite á discriminación por razóns de sexo.
- Fomentar as vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e fomentar as vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos sociais.

3.3. ***En relación ás familias:***

- Fomentar a participación das familias no proceso coeducativo do alumnado.
- Concienciar ás familias do seu papel na transmisión de valores.
- Impulsar a formación e participación das familias a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.

- Diseñar contidos xunto co asesor do CFR para a escola de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia: familia monoparental, nuclear, parellas homosexuais, etc.
- Mellorar o intercambio de experiencias e reflexión colectiva, que lles permita unha mellora dos seus recursos como educadores/ as.
- Elaborar publicacións divulgativas para as familias de cara a difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.

4. CONTIDOS A DESENVOLVER A PARTIR DOS OBXECTIVOS

- Sensibilización da comunidade escolar acerca da importancia de traballar a igualdade no centro educativo para conseguir unha convivencia pacífica.
- Concienciación ao alumnado das vantaxes da igualdade para previr as desigualdades, comportamentos xenófobos e racistas e conductas violentas que se dan na nosa sociedade.
- Mantemento dun clima agradable para a convivencia, tomando como punto de partida a igualdade.
- Adquisición de habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
- Utilización dunha linguaxe coeducativa, eliminando termos sexistas no seu uso.
- Coñecemento da inxustiza que sufriron historicamente e actualmente as mulleres.
- Identificación e denuncia de comportamentos de violencia de xénero.
- Solidarización con aqueles colectivos que sofren discriminación.
- Traballar a través das distintas actividades do currículo, a importancia da igualdade entre o home e a muller.
- Promover, desde as primeiras idades, a necesidade de compartir as actividades que realizamos no fogar entre todos e todas as persoas que conviven no mesmo.

- Potenciar no alumnado o concepto de coeducación e de igualdade mediante a transmisión de valores sociais como a tolerancia, o respecto, a igualdade, a xustiza, a cooperación,...
- Mellora das relacións persoais entre o alumnado, diminuindo os conflitos e o sexismo nas situacións de xogo.
- Potenciación da colaboración entre familia e escola para sensibilizar ao alumnado e a pais e nais da importancia da igualdade de xénero.
- Establecemento da igualdade no deporte e actividade física, promovendo a equidade, facilitando a libre elección en prácticas físico-deportivas non estereotipadas.

5. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

A coeducación non é un área nin unha disciplina que se vaia a traballar de forma illada. Trátase, pois, de integrar a coeducación de xeito transversal impregnando todas as áreas do currículo. Para organizar o noso traballo, describiremos as medidas de actuación atendendo ás seguintes liñas:

Liña 1: Modelo da escola coeducativa

Obxectivo

- **Integrar e contemplar de modo transversal a perspectiva de xénero no plan de centro e nos proxectos que o integran.**

Actuación 1.1

- *Revisar e comprobar que en todos os documentos oficiais do centro (PE, CCC, PAT...) se contemplen obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre mulleres e homes*

Responsables

- Profesorado
- Consello Escolar
- Responsables departamentos

Indicadores de avaliación

- Documentos revisados
- Documentos actualizados

Actuación 1.2.

- *Difundir o Plan de Igualdade Intercentros entre toda a comunidade educativa*

Responsables

- Equipo directivo
- Profesorado
- Responsables departamentos
- AMPA

Indicadores de avaliación

- Núm. de presentacións realizadas
- Núm. de reunións
- Núm. e tipo de canle de difusión

Actuación 1.3

- *Promover a formación do profesorado en coeducación*

Responsables

- Equipo directivo
- Profesorado
- Responsables departamentos
- Persoal non docente

Indicadores de avaliación

- Desenvolvemento da actividade
- Núm. de persoas participantes na formación

- Núm. de accións formativas levadas a cabo
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 1.4

- *Promover a participación do profesorado de cada centro na formación de prácticas coeducativas*

Responsables

- Equipo directivo
- Profesorado
- Responsables departamentos

Indicadores de avaliación

- Núm. de accións coeducativas que se incorporaron á práctica docente
- Desenvolvemento da actividade
- Núm. de persoas participantes na formación
- Núm. de accións formativas levadas a cabo
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 1.5

- *Promover o nomeamento dunha persoa coordinadora do Plan no centro (persoal docente) e outra dentro do Consello Escolar (nai/pai).*

Responsables

- Equipo directivo
- Profesorado
- Responsables departamentos
- Profesorado
- AMPA

Indicadores de avaliación

- Nomeamento da persoa coordinadora do Plan no centro.
- Nomeamento da persoa coordinadora no Consello Escolar

Actuación 1.6

- *Impulsar e favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa, mediante a utilización dunha linguaxe non sexista nas súas expresións visuais, orais, escritas e en contornas dixitais.*

Responsables

- Equipo directivo
- Profesorado
- Responsables departamentos
- Profesorado
- Persoal non docente
- AMPA

Indicadores de avaliación

- Núm. e tipo de documentos revisados
- Núm. e tipo de documentos modificados
- Núm. de departamentos implicados na execución

Actuación 1.7

- *Crear un espazo na biblioteca do centro relacionado coa igualdade de xénero e xestionar as maletas viaxeiras sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.*

Responsables

- Profesorado responsable da biblioteca.
- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.

Indicadores de avaliación

- Espazo creado.
- Xestión e utilización das maletas viaxeiras nas aulas.
- Grado de satisfacción das persoas usuarias do espazo e das maletas.

Liña 2: Desenvolvemento curricular non sexista

Obxectivo

- Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos

Actuación 2.1

- *Analizar os materiais didácticos e curriculares utilizados nos diferentes cursos, así como analizar os xogos e xoguetes utilizados nas aulas para evitar incluír elementos sexistas.*

Responsables

- Profesorado
- Responsables departamentos

Indicadores de avaliación

- Nº de materiais revisados
- Nº de materiais e contidos cambiados
- Nivel de implicación do profesorado

Actuación 2.2

- *Elaborar un banco de recursos para o profesorado con materiais para formación propia e con recursos variados para traballar na aula (bibliografía, libros de lectura para o alumnado, páxinas webs, artigos, etc.).*

Responsables

- Profesorado responsable da biblioteca.
- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.
- Titores/as.

Indicadores de avaliación

- Creación do banco de materias coeducativas
- Nº de materias que o integran
- Nivel de implicación do profesorado

Actuación 2.3

- *Realización dunha listaxe daqueles libros e documentos que atopemos no centro que fagan un uso sexista da linguaxe para a súa posterior análise e debate.*

Responsables

- Profesorado responsable da biblioteca.
- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.
- Tutores/as.

Indicadores de avaliación

- Nº de recursos e materiais atopados e analizados.

Actuación 2.4

- *Dar a coñecer o papel de Mulleres: un repaso pola historia de mulleres galegas relevantes, centrando a atención en mulleres vilagarcianas relevantes na actualidade en diversas disciplinas: políticas, historiadoras, deportistas, etc.*

Responsables

- Profesorado responsable da biblioteca.
- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.
- Tutores/as.

Indicadores de avaliación

- Actuacións levadas a cabo.
- Nivel de implicación do profesorado.

Liña 3: Orientación con enfoque de xénero

Obxectivo

- **Implementar o enfoque de xénero na orientación persoal, académica e profesional**

Actuación 3.1

- *Incluír no Plan de Orientación e Acción Titorial actuacións dirixidas a promover a coeducación, a construción de roles de xénero, a educación afectivo-sexual (tendo en conta as distintas orientacións sexuais recoñecidas), autonomía persoal, construción do auto-concepto e elaboración dun proxecto de vida sen rumbos de xénero, educación emocional, adecuada xestión dos conflitos e prevención da violencia de xénero.*

Responsables

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Profesorado
- Titoras/es

Indicadores de avaliación

- Numero de actuacións incluídas.

Actuación 3.2

- *Realizar xincanas de corresponsabilidade e tarefas domésticas para nenos e nenas*

Responsables

- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.

- Titores/as.

Indicadores de avaliación

- Nº de obradoiros realizados
- Nº de alumnas e alumnos participantes
- Grao de satisfacción

Actuación 3.2

- *Analizar o contido sexista de letras de cancións tanto actuais como tradicionais. A actividade amplíase creando novas letras non sexistas.*

Responsables

- Titores/as.
- Profesorado
- Departamento de Orientación.

Indicadores de avaliación

- Realización da actividade
- Nº de alumnas e alumnos participantes
- Grao de satisfacción

Liña 4: Modelo de convivencia igualitaria

Obxectivo

- **Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade**

Actuación 4.1

- *Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas (Día da non violencia contra a muller, Día da Paz, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Dos Dereitos Humanos, Día da Ciencia...)*

Responsables

- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares
- Departamento de Orientación
- Profesorado
- Titoras/es

Indicadores de avaliación

- Numero de actuacións que incúen a perspectiva de xénero.
- Grao de implicación do profesorado.

Actuación 4.2

- *Continuar promovendo e mellorando as actuacións e actividades o día 8 de marzo e 25 de novembro implicando a comunidade escolar*

Responsables

- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

- Titores/as.
- AMPA
- Familias

Indicadores de avaliación

- Núm. de actividades promovidas
- Nivel de implicación do profesorado e das familias

Actuación 4.3

- *Realizar obradoiros, charlas ou proxectos de promoción da igualdade en colaboración coa ANPAS e con outras asociación.*

Responsables

- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.
- Titores/as.
- AMPA
- Familias

Indicadores de avaliación

- Nº de obradoiros, charla ou proxectos realizados
- Nº de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 4.4

- *Celebración do Día das Familias Diversas.*

Responsables

- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.
- Titores/as.
- AMPA
- Familias

Indicadores de avaliación

- Realización da celebración
- Nivel de participación do profesorado e das familias
- Grao de satisfacción

Actuación 4.5

- *Participar en charlas, mesas redondas, etc. de sensibilización e formación en ciberacoso e seguridade na rede dirixidos ao alumnado, profesorado e familias.*

Responsables

- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.
- Profesorado.
- AMPA.
- Familias.

Indicadores de avaliación

- Nº de charlas de formación realizadas.
- Nº de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 4.6

- *Realizar campañas de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa en temas de formación e información sobre xogos, videoxogos e xoguetes non sexistas...*

Responsables

- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.
- Profesorado.
- AMPA.
- Familias.

Indicadores de avaliación

- Nº de campañas de sensibilización realizadas.
- Nº de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 4.7

- *Deseñar espazos de xogo no recreo que favorezan a coeducación e a eliminación de estereotipos.*

Responsables

- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación.
- Profesorado.
- Alumnado.
- AMPA.
- Familias.

Indicadores de avaliación

- Nº de actuacións en espazos de xogo.
- Nivel de participación
- Grao de satisfacción

Actuación 4.8

- *Realizar agrupamentos mixtos en xogos e actividades deportivas, na realización de traballos en grupos, así como na localización dentro da propia aula (infantil, primaria).*

Responsables

- Profesorado.
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Titores/as.

Indicadores de avaliación

- Nº de actividades levadas a cabo
- Nivel de participación
- Grao de satisfacción

Actuación 4.9

- *Introducir a figura dos mediadores como favorecedores da resolución pacífica de conflitos*

Responsables

- Equipo Directivo
- Departamento de Orientación
- Profesorado.
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Tutores/as.

Indicadores de avaliación

- Desenvolvemento da actividade
- Nivel de participación
- Grao de satisfacción

Actuación 4.10

- *Realización de charlas a alumnado sobre coeducación a través do CIM do Concello.*

Responsables

- Equipo Directivo
- Departamento de Orientación
- Profesorado.
- Tutores/as.

Indicadores de avaliación

- Desenvolvemento da charlas.
- Nivel de participación
- Grao de satisfacción

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación ten como finalidade o promover a mellora das acción que se desenvolven e permite determinar a consecución dos obxectivos plantexados.

O seguimento e avaliación do Plan é responsabilidade da Comisión de Igualdade, que será a encargada de valorar periodicamente o desenvolvemento de cada unha das súas medidas e actuacións, identificando e valorando os avances e os atrancos, a través dos indicadores establecidos no mesmo, e de realizar propostas de mellora.

A comisión reuniráse, polo menos, dúas veces no curso académico, unha ao principio de curso, na que se planificarán as actuacións a levar a cabo, e outra ao finalizar, momento no que se avaliará o desenvolvemento das actuacións planificadas.

GLOSARIO

Acción positiva

Medidas dirixidas a un grupo determinado coas que se pretende suprimir e previr unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

Androcentrismo

Termo que provén do grego andros (home) e define o masculino como medida de todas as cousas e representación global da humanidade, ocultando outras realidades, entre elas, a das mulleres.

Fenda de xénero

Medida estatística que mostra a distancia entre homes e mulleres respecto dun mesmo indicador. Utilízase para reflectir a brecha existente entre os sexos respecto das oportunidades de acceso e control dos recursos económicos, sociais, culturais e políticos.

Ciberacoso

É unha extensión do acoso nos medios tecnolóxicos e redes sociais, polo cal unha persoa (acosadora) trata de invadir a vida de outra (víctima) de forma repetitiva, enviándolle mensaxes ameazantes, intimidatorios ou chantaxistas. É un tipo de violencia que pode realizar calquera persoa, coñecida ou descoñecida, incluso a nosa parella ou antiga parella.

Cibercontrol

Consiste en empregar as redes sociais e as tecnoloxías de información e comunicación para facer un control e vixilancia continuada á parella, en función das horas de conexión, as amizades, comentarios, fotos que comparte, localización e persoas coas que mantén contacto na rede. É unha nova forma de controlar a parella.

Coeducación

A proposta pedagóxica na que a formación e a educación impártense en condicións de igualdade para ámbolos dous sexos e na que non se pon límites ás aprendizaxes a recibir por cada un deles.

Corresponsabilidade

Repartición equitativa das responsabilidades domésticas entre mulleres e homes.

Cota

Proporción de postos, escanos ou recursos que lle deben ser atribuídos a un colectivo específico. Con esta medida preténdese corrixir un desequilibrio, xeralmente en canto ao acceso a posicións de toma de decisións, oportunidades de formación ou postos de traballo.

Democracia paritaria

Concepto de sociedade integrada a partes iguais por mulleres e por homes na que a representación equilibrada de ambos os xéneros nas funcións decisorias da política é condición previa ao aproveitamento pleno e en igualdade da cidadanía.

Discriminación directa

Situación na que se trata a unha persoa dun modo desfavorable por razón do seu sexo.

Discriminación indirecta

Situación na que unha lei, unha política ou unha acción aparentemente neutrais teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre os membros dun ou doutro xénero.

Discriminación positiva

Medida que pretende garantir un resultado favorable na incorporación do colectivo discriminado a unha actividade determinada. Incide no momento de chegada.

Desigualdade de xénero

Distancia e/ou asimetría social entre mulleres e homes. Historicamente, as mulleres estiveron relegadas á esfera doméstica e os homes á esfera pública. Esta situación derivou en que as mulleres teñan un limitado acceso á riqueza, aos cargos, á representación e participación nos órganos de toma de decisións, a un emprego remunerado en igualdade cos homes e que sexan tratadas de forma discriminatoria.

División sexual do traballo

Categoría analítica que permite captar e comprender a inserción diferenciada de mulleres e homes no espectro das responsabilidades e obrigacións produtiva e reprodutivas que toda a sociedade constitúe para organizar a repartición de tarefas entre os seus membros.

Enfoque de xénero

Cando se fala de enfoque de xénero faise alusión a unha ferramenta conceptual que busca mostrar que as diferenzas entre mulleres e homes danse non só pola súa determinación biolóxica, senón tamén polas diferenzas culturais asignadas aos seres humanos.

Empoderamento

Concepto cunha dobre dimensión, unha individual, de recuperación da propia dignidade de cada muller como persoa; e outra colectiva, de carácter político, que pretende que as mulleres estean presentes nos lugares onde se toman as decisións, é dicir, que exerzan o poder.

Escola mixta

Modelo educativo no que conviven, nun mesmo espazo, alumnas e alumnos sen cuestionar a orde simbólica masculino nin incorporar os saberes e as expectativas das mulleres.

Estatísticas desagregadas por sexo

Comprenden aquelas fontes de información que desde o propio deseño conceptual e a través de todas as fases do proceso de construción de datos cuantitativos perseguen captar a especificidade da situación das mulleres con relación aos homes, é dicir, os aspectos que as distancian ou aproximan nunha variedade de ámbitos sociais.

Estereotipos de xénero

Estereotipos que reflicten as crenzas populares sobre as actividades, os roles, trazos, características ou atributos que caracterizan e distinguen ás mulleres dos homes.

Extorsión sexual

É un tipo de chantaxe sexual ou extorsión a unha persoa que se realiza a través das redes sociais e tecnolóxicas por medio dunha imaxe de certo contido sexual ou erótico que compartiu mediante sexting. A persoa ameaza con publicar ou distribuír esa imaxe se non recibe outras de maior contido sexual ou lle envía cartos.

Feminismo

Movemento social, político, filosófico, económico, científico e cultural que denuncia, desvela e transgrede o sistema social imperante: o patriarcado. O seu obxectivo é a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Femismo

É o fenómeno de discriminación e infravaloración dos homes por parte das mulleres.

Grooming

É unha práctica de acoso e abuso sexual a través das redes sociais por parte dunha persoa adulta para contactar con persoas de menor idade e gañar a súa confianza, crear vínculos emocionais e poder abusar delas sexualmente.

Igualdade

En coeducación, enténdese como igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas, independentemente do sexo ao que pertenza.

Inclusión

Acción de atender a diversidade de xénero educando en igualdade, intervindo sobre a construción da feminidade e da masculinidade, co obxectivo de corrixir desaxustes nos papeis tradicionalmente asignados a homes e mulleres.

Indicador

É unha medida numérica ou valor que describe unha situación ou condición dun fenómeno particular, nun período de tempo determinado e nun espazo xeográfico específico.

Permite mostrar, con base en indicadores cuantitativos, o avance dun programa ou acción, en que parte atópase con respecto ás metas, así como avaliar programas específicos e detectar o seu impacto.

Invisibilización

Proceso polo que certas persoas, acontecementos, actitudes, comportamentos, pasan desapercibidos pola interiorización dos patróns culturais nos que se está inmerso. No caso da cultura patriarcal isto provoca a desaparición das obras das mulleres ao longo da historia.

Linguaxe sexista

A linguaxe reflicte a nosa concepción do mundo e ao mesmo tempo colabora na construción das imaxes das persoas e os grupos sociais. Recoñécese como unha forma de exclusión que reforza a situación de discriminación cara ás mulleres e promove a xeración de estereotipos.

Machismo

Conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento de actitudes discriminatorias contra as mulleres e contra os que teñen comportamentos de tipo feminino non sendo mulleres.

Mainstreaming ou transversalidade de xénero

Trátase dunha estratexia para o logro da igualdade mediante a incorporación da perspectiva de xénero en todas as etapas e niveis das políticas públicas.

Patriarcado

Sistema familiar, social, ideolóxico, político e económico caracterizado polo dominio do home en todos os ámbitos da sociedade.

Perspectiva de xénero

Enfoque que ten en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito.

Políticas de igualdade

Marcos referenciais de actuación política que consideran o principio de igualdade de trato e, a través da elaboración de estratexias baseadas no dereito das mulleres a seren tratadas como cidadás, propoñen solucións para resolver as desigualdades por razón de sexo.

Roles de xénero

Os roles ou papeis de xénero son comportamentos aprendidos nunha sociedade, comunidade ou grupo social determinado, que fan que os seus membros perciban como masculinas ou femininas certas actividades, tarefas e responsabilidades e as xerarquicen e valoricen de maneira diferenciada

Sistema sexo / xénero

Sistema sociocultural polo que se asocia ao sexo reprodutivo un conxunto de valores, crenzas e actitudes. O concepto xénero fai referencia ás diferenzas sociais, por oposición ás biolóxicas entre homes e mulleres (sexo). Estas diferenzas foron aprendidas, mudan co tempo e representan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma cultura.

Sexismo

Conxunto de métodos empregados no seo da sociedade androcéntrica que determinan unha situación de inferioridade, subordinación e explotación para o

colectivo feminino ou masculino. O sexismo abrangue todos os ámbitos da vida e das relacións humanas; a linguaxe é un factor importante na súa superación.

Sexting

Refírese ao envío de contidos privados a través do teléfono móbil no que se amosan fotografías ou vídeos de amizades ou persoas coñecidas de carácter sexual ou privado. É un método de chantaxe ou ridiculización de quen aparece nas imaxes.

Socialización de xénero

Proceso a través do cal as mulleres e os homes aprenden e interiorizan as normas, valores e roles que a sociedade designa de forma diferenciada a cada un dos sexos.

Teito de cristal

Barreira invisible resultante dunha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polo colectivo masculino que lles impide ás mulleres acceder a postos destacados socialmente.

Uso non sexista da linguaxe

Consiste na utilización de expresións lingüísticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que fan invisible o feminino ou o sitúan nun plano secundario con respecto ao masculino.

Violencia de xénero

Enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada. (Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

Visibilización

Acción de sacar á luz o legado das mulleres e tratar de reparar así a inxustiza cometida por ocultar o seu paso e as súas pegadas na historia.